- Modelo discursivo / expositivo.
- Modelo experiencial.
- Traballo por tarefas.

E. Principios metodolóxicos

- Actividade e experimentación.
- Participación.
- Persoalización.
- Significatividade.
- Funcionalidade.

F. Agrupamento

- Tarefas individuais.
- Agrupamento flexible.

3ª AVALIACIÓN

Unidade 8. A ARTE CLÁSICA.

A arquitectura grega clásica.
O templo grego clásico.
A escultura grega.
A arquitectura romana.
A escultura romana.
Pintura e mosaico.
O Panteón de Roma.
As transformacións de Zeus.
Hera - Xuno.

Bloque 3: Mitoloxía

Contidos

- Historia de Zeus e as súas relacións amorosas.
- Historia de Hera: características e atributos.

Criterios de avaliación

- Coñecer os principais deuses da mitoloxía grecolatina.
- Coñecer os mitos e heroes grecolatinos e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e heroes antigos e os actuais.

Estándares de aprendizaxe

- Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia.
- Recoñece referencias mitolóxicas nas artes plásticas, sempre que sexan claras e sinxelas, describindo, a través do uso que se fai de as mesmas, os aspectos básicos que en cada caso se asocian á tradición grecolatina.

Indicadores de logro

- Establece relacións de parentesco entre nai e fillo nos diferentes personaxes mitolóxicos.
- Completa frases sobre as relacións do personaxe mitolóxico de Hera. (Actividade 20 e 22 da páxina 131)
- Identifica e explica referencias mitolóxicas nas artes plásticas.
- Asocia representacións pictóricas con diferentes transformacións de Zeus.
- Investiga en equipo outras relacións amorosas de Zeus e elabora unha táboa co nome da outra persoa, fillos, se houbo transformación e algunha representación artística. (Actividades 19 e 23 da páxina 131)

Bloque 7: Pegadas na actualidade

Contidos

- As pegadas do arte romano en Hispania: Obras de arte en distintos xacementos.
- Busca, selección, e interpretación de representacións pictóricas de Zeus correspondentes a diferentes épocas
- Investigación sobre obras de arte romanas en distintos xacementos da Península ibérica
- Restos arqueolóxicos na Península Ibérica: elaboración dun mapa coas tres provincias que existían en tempos de Augusto.

Criterios de avaliación

- Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.
- Coñecer as pegadas da mitoloxía e os temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.

- Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.
- Realizar traballos de investigación sobre as pegadas da civilización clásica no entorno, utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación.

Estándares de aprendizaxe

- Sinala e describe algúns aspectos básicos da cultura e a civilización grecolatina que se conservaron ata a actualidade, demostrando a súa vixencia nunha e outra época mediante exemplos.
- Utiliza as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para buscar información e realizar traballos de investigación acerca das pegadas da civilización clásica na nosa cultura.
- Demostra as pegadas da mitoloxía e os temas lendarios mediante exemplos de manifestacións artísticas contemporáneas nas que están presentes estes motivos.
- Enumera e explica algúns exemplos concretos nos que se pon de manifesto a influencia que o mundo clásico ven tendo na historia e as tradicións do noso país.

Indicadores de logro

- Compón un mapa da Península ibérica coas tres provincias que existían en tempos de Augusto e localiza e explica os principais restos arqueolóxicos que sobreviviron.
(“Comprometidos”, páxina 137)
- Busca, selecciona, interpreta e expón representacións pictóricas de Zeus correspondentes a diferentes épocas e asóciaas co seu título, autor e estilo.
(Actividade 21 da páxina 131)
- Selecciona cinco obras de arte romanas en distintos xacementos da Península ibérica e redacta unha ficha detallada de cada unha.
(Actividade 43 da páxina 137)
- Busca, selecciona, organiza e expón información sobre algún museo da cidade ou comunidade autónoma na que vive que conserve pezas de arte romano.
(Actividade 44 da páxina 137)

Unidade 9. CIDADES ANTIGAS E MODERNAS.

A fundación dunha cidade romana. A *inauguratio*.

A cidade grega.

A cidade romana.
As vivendas romanas.
A *domus*.
A loita polo patronazgo de Atenas.
Posidón - Neptuno.

Bloque 1: Xeografía

Contidos

- Sitúa xeograficamente o templo de Nike Áptera.

Criterios de avaliación

- Identificar e describir a grandes trazos o marco xeográfico no que se desenvolven as culturas de Grecia e Roma no momento do seu apoxeo.

Estándares de aprendizaxe

- Sinala sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúan no momento do seu apoxeo as civilizacións grega e romana, delimitando o ámbito de influencia de cada unha delas e situando con relativa precisión os puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos máis coñecidos pola súa relevancia histórica.

Indicadores de logro

- Sitúa xeograficamente o templo de Nike Áptera.
(Actividade 33 da páxina 151)

Bloque 2: Historia

Contidos

- O papel da Península ibérica na segunda guerra púnica.

Criterios de avaliación

- Identificar e describir o marco histórico no que se desenvolve a cultura de Grecia e Roma.

Estándares de aprendizaxe

- Establece relacións entre determinados fitos da historia de Grecia e Roma e outros asociados a outras culturas.

Indicadores de logro

- Investiga o papel da Península ibérica na segunda guerra púnica, así como as consecuencias para Hispania do enfrontamento entre romanos e cartaxineses.
(Actividade 39 da páxina 153)

Bloque 3: Mitoloxía

Contidos

- Descrición da historia mitolóxica da loita polo dominio de Atenas. Descrición do personaxe mitolóxico de Posidón.

Criterios de avaliación

- Coñecer os principais deuses da mitoloxía grecolatina.
- Coñecer os mitos e heroes grecolatinos e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e heroes antigos e os actuais.

Estándares de aprendizaxe

- Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia.
- Recoñece referencias mitolóxicas nas artes plásticas, sempre que sexan claras e sinxelas, describindo, a través do uso que se fai de as mesmas, os aspectos básicos que en cada caso se asocian á tradición grecolatina.

Indicadores de logro

- Coñece a historia mitolóxica de Exeo e os seus fillos.
(Actividade 35 da páxina 151)
- Descubre características de Posidón a través de imaxes.
- Asocia descrições con personaxes mitolóxicos.
- Identifica no Frontón do Partenón a historia mitolóxica do nacemento de Atenea.
- Identifica e explica referencias mitolóxicas nas artes plásticas.
(Actividades 16 e 17 da páxina 147 / Act. 36 da páxina 151)

Bloque 4: Arte

Contidos

- Descrición das cidades gregas e romanas, a súa estrutura, os seus elementos, características e comparación coas cidades modernas.
- Acercamento aos personaxes de Hércules, Atenea e Esculapio a través de representacións artísticas.
- Observación, interpretación e descrición de imaxes de escenas grecorromanas identificando nelas motivos relixiosos, mitolóxicos e/ou culturais.
- Actitudes de curiosidade, interese y respecto ao patrimonio cultural.

Criterios de avaliación

- Coñecer as características fundamentais do arte clásico e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos.
- Coñecer algúns dos monumentos clásicos máis importantes do patrimonio español.

Estándares de aprendizaxe

- Recoñece en imaxes as características esenciais da arquitectura grega e romana identificando razoadamente mediante elementos visibles a orde arquitectónica á que pertencen os monumentos máis significativos.
- Recoñece en imaxes as esculturas gregas e romanas máis célebres encadrándoas nun período histórico e identificando nelas motivos mitolóxicos, históricos e culturais.
- Describe as características e explica a función das principais obras arquitectónicas do arte grego (templos e teatros), ilustrando con exemplos a súa influencia en modelos posteriores.

Indicadores de logro

- Identifica nun debuxo do ágora diversos edificios importantes.
- Identifica distintas construcións.
- Describe coma se fora un cidadano romano os edificios romanos.
- Explica semellanzas e diferenzas entre cidades gregas e romanas.
- Sitúa nun plano diferentes edificios da cidade romana.
- Describe de que está rodeada a Acrópolis.
- Enumera cantas entradas ten a Acrópolis.
(Actividades 5 e 6 da páxina 141 / Act. 7 da páx. 143 / Act. 30 da páx. 149 / Act. 34 e 37 da páx. 151)
- Investiga a lenda das columnas de Hércules.
- Describe de que material está feita a estatua de Atenea.
- Elabora una ficha sobre a escultura do deus Esculapio, o seu papel na antiguidade, o seus atributos e as súas funcións.
- Observa, interpreta e describe imaxes de escenas grecorromanas identificando nelas motivos relixiosos, mitolóxicos ou culturais.
(Actividade 38 da páxina 151 / “Comprometidos” da páxina 153)
- Localiza nun plano muralla, anfiteatro, cardo, decumanus, insula, circo, acueducto e templo.
- Asocia debuxos co nome de edificios romanos.
- Asocia espazos da cidade grega coa súa descrición.
- Asocia o nome de distintos edificios coa súa descrición.
- Busca, localiza e describe un edificio que pode compararse co a curia e indica en que parte da súa localidade se encontra.
- Describe que se entende na actualidade por Basílica.
(Actividades 7 e 8 da páxina 143 / Act. 22 da páx. 148 / Act. 25 e 27 da páx. 149)
- Redacta una ficha de cinco pezas ou recintos arqueolóxicos que aparezan na páxina web do museo de Ampurias.
- Mostra actitudes de interese, curiosidade e respecto ao patrimonio cultural.
(Actividade 40 da páxina 153)

Bloque 5: Sociedade e vida cotiá

Contidos

- Diferentes tipos de edificios nas cidades gregas e romanas.
- As vivendas e a súa relación coas formas de vida na sociedade grecorromana.

Criterios de avaliación

- Coñecer as características das principais formas de organización política presentes no mundo clásico establecendo semellanzas e diferenzas entre elas.
- Coñecer as características e a evolución das clases sociais en Grecia e Roma e a súas pegadas na sociedade actual.
- Coñecer a composición da familia e os roles asignados aos seus membros.
- Identificar as principais formas de traballo e de ocio existentes na antigüidade.

Estándares de aprendizaxe

- Nomea os principais sistemas políticos da antigüidade clásica describindo, dentro de cada un deles, a forma de distribución e exercicio do poder, as institucións existentes, o papel que estas desempeñan e os mecanismos de participación política.
- Describe a organización da sociedade grega e romana, explicando as características das distintas clases sociais e os papeis asignados a cada unha delas, relacionando estes aspectos cos valores cívicos existentes na época e comparándoos cos actuais.
- Identifica e explica os diferentes papeis que desempeñan dentro da familia cada un dos seus membros, identificando e explicando a través deles estereotipos culturais e comparándoos cos actuais.
- Describe as principais formas de ocio das sociedades grega e romana, analizando a súa finalidade, os grupos aos que van dirixidas e a súa función no desenvolvemento da identidade social.

Indicadores de logro

- Asocia diferentes edificios co seu ámbito (xurídico, político, relixioso, comercial, de ocio) explicando a súa función.
(Actividade 23 da páxina 148)
- Enumera as diferenzas entre o ágora e a Acrópolis.
- Localiza diferentes partes dunha insua a través dun debuxo.
- Sinala e identifica diferentes partes dunha *domus* a partir dun debuxo.
(Actividade 1 da páxina 140 / Act. 12 e 13 da páx. 144)
- Redacta un texto coas características das estancias das casas gregas.
(Actividade 4 da páxina 140)
- Distingue a partir dun texto de Vitruvio entre o ágora grego e o foro romano, atendendo a súa función social e de ocio.
(Actividade 28 da páxina 148)

Bloque 6: Lingua / Léxico

Contidos

- Etimoloxía e significado de palabras gregas e latinas relacionadas coas cidades e as vivendas.

Criterios de avaliación

- Identificar léxico común, técnico e científico de orixe grecolatina na propia lingua e sinalar a súa relación coas palabras latinas ou gregas orixinarias.

Estándares de aprendizaxe

- Recoñece e explica o significado dalgúns dos helenismos de España, explicando o seu significado a partir do termo de orixe.
- Explica o significado de palabras, a partir da súa descomposición e a análise etimolóxica das súas partes.
- Pode definir algúns termos científico-técnicos de orixe grecolatina partindo do significado das palabras latinas ou gregas das que proceden.

Indicadores de logro

- Investiga o termo «foro» cibernético a partir do significado orixinal de «foro».
(Actividade 29 da páxina 149)
- Define algúns helenismos coas súas propias palabras.
- Busca o significado do termo “agorafobia”, busca a súa etimoloxía e o seu antónimo.
(Actividade 21 da páxina 148 / Act. 28 da páx. 149)
- Busca palabras derivadas dos termos grego e romano de «cidade».
(Actividade 20 da páxina 148)

Bloque 7: pegadas na actualidade

Contidos

- Evolución das cidades desde a cultura clásica ata a actualidade.
- Características da fundación dunha cidade.
- Equipamento urbano en cidades antigas e modernas.

Criterios de avaliación

- Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.
- Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.

- Realizar traballos de investigación sobre as pegadas da civilización clásica no entorno, utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación.

Estándares de aprendizaxe

- Sinala e describe algúns aspectos básicos da cultura e a civilización grecolatina que se conservaron ata a actualidade, demostrando a súa vixencia nunha e outra época mediante exemplos.
- Enumera e explica algúns exemplos concretos nos que se pon de manifesto a influencia que o mundo clásico ven tendo na historia e as tradicións do noso país.
- Utiliza as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para buscar información e realizar traballos de investigación acerca das pegadas da civilización clásica na nosa cultura.

Indicadores de logro

- Responde a algunhas preguntas sobre as necesidades e a forma de construción dunha nova cidade na cultura grecolatina.

(Actividade 28 da páxina 149)

- Escribe a equivalencia de diversos edificios gregos e romanos.
- Identifica imaxes de construcións actuais co seu equivalente na cultura grecolatina.

(Actividade 31 e 32 das páxinas 149 e 150)

- Reflexiona sobre os elementos básicos á hora de fundar unha cidade e compárao coa actualidade.
- Enumera o equipamento urbano da cidade na que vive e compárao co das cidades antigas.
- Investiga en equipos sobre unha de cinco cidades relacionadas con Posidón.
- Investiga un enclave romano na súa comunidade e redacta un informe sobre el.

(Actividades 2 e 3 da páxina 140 / Act. 17 da páx. 147 / Act. 41 da páxina 153 / “Comprometidos” da páxina 153)

Unidade 10. XOGOS E ESPECTÁCULOS.

O edificio do teatro.
As representacións.
Os actores.
O circo.
Os *ludi circenses*.
O anfiteatro.
Os espectáculos.
Os gladiadores.
Orfeo e Eurídice.
Dioniso - Baco

Bloque 2: Historia **Contidos**

- Investigación sobre a fundación da cidade de Roma a través da figura de Rómulo.
- Reflexión sobre a relación entre a política romana e os espectáculos circenses.

Criterios de avaliación

- Identificar algúns fitos esenciais na historia de Grecia e Roma e coñecer as súas repercusións.
- Identificar e describir o marco histórico no que se desenvolve a cultura de Grecia e Roma.

Estándares de aprendizaxe

- Describe os principais fitos da historia de Grecia e Roma, identificando as circunstancias que os orixinan, os principais actores e as súas consecuencias, e mostrando con exemplos a súa influencia na nosa historia.
- Distingue, a grandes trazos, as diferentes etapas da historia de Grecia e Roma, nomeando os principais fitos asociados a cada unha de elas.
- Establece relacións entre determinados fitos da historia de Grecia e Roma e outros asociados a outras culturas.
- Sitúa dentro dun eixe cronolóxico o marco histórico no que se desenvolven as civilizacións grega e romana, identificando as conexións máis importantes que presentan con outras civilizacións anteriores e posteriores.

Indicadores de logro

- Reflexiona a partir dun texto de Tácito sobre a prohibición do espectáculo do circo en Pompeia.

- (Actividade 35 da páxina 165)
- Reflexiona sobre a relación entre a política romana e os espectáculos circenses.
- (Actividade 16 da páxina 161)

Bloque 3: Mitoloxía

Contidos

- Identificación de personaxes mitolóxicos en representacións plásticas.
- Identificación de personaxes mitolóxicos a partir de pequenas descrições.
- Descricións de animais mitolóxicos a partir de imaxes.

Criterios de avaliación

- Coñecer os principais deuses da mitoloxía grecolatina.
- Coñecer os mitos e heroes grecolatinos e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e heroes antigos e os actuais.

Estándares de aprendizaxe

- Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia.
- Recoñece referencias mitolóxicas nas artes plásticas, sempre que sexan claras e sinxelas, describindo, a través do uso que se fai de as mesmas, os aspectos básicos que en cada caso se asocian á tradición grecolatina.

Indicadores de logro

- Identifica personaxes mitolóxicos a partir de pequenas descrições.
 - Relaciona distintos animais mitolóxicos coas súas descrições.
 - Ordena de maneira cronolóxica unha serie de afirmacións sobre o mito de Orfeo e Eurídice.
- (Actividades 20 e 21 da páxina 163 / Act. 33 da páx. 165)
- Identifica personaxes mitolóxicos en representacións plásticas, explícaa e ordénaas cronoloxicamente.
 - Identifica e explica referencias mitolóxicas nas artes plásticas.
- (Actividade 22 da páxina 163)

Bloque 4: Arte

Contidos

- Identificación e descrição das partes dun anfiteatro romano.
- Identificación e descrição das partes dun teatro grego e un romano: expresión de semellanzas e diferenzas.

- Descrición do circo romano.
- Reflexión sobre as relacións entre as naumaquias e a forma arquitectónica dos anfiteatros romanos.
- Identificación e descrición de elementos arquitectónicos dos edificios de ocio grecolatinos.

Criterios de avaliación

- Coñecer as características fundamentais do arte clásico e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos.
- Coñecer algúns dos monumentos clásicos máis importantes do patrimonio español.

Estándares de aprendizaxe

- Recoñece en imaxes as características esenciais da arquitectura grega e romana identificando razoadamente mediante elementos visibles a orde arquitectónica á que pertencen os monumentos máis significativos.
- Recoñece en imaxes as esculturas gregas e romanas máis célebres encadrándoas nun período histórico e identificando nelas motivos mitolóxicos, históricos e culturais.
- Describe as características e explica a función das principais obras arquitectónicas do arte grego (templos e teatros), ilustrando con exemplos a súa influencia en modelos posteriores.
- Localiza nun mapa e describe os monumentos clásicos máis significativos que forman parte do patrimonio español, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e cronoloxía aproximada.

Indicadores de logro

- Identifica algunhas partes do anfiteatro romano.
- Identifica as partes dun teatro grego e un romano e explica as diferenzas entre eles.
(Actividade 11 da páxina 160 / Act. 29 e 30 da páx. 165)
- Observa, interpreta e describe imaxes de escenas grecorromanas identificando nelas motivos relixiosos, mitolóxicos o culturais.
(Actividade 22 da páxina 163)
- Describe o circo romano: funcións, características e partes.
- Reflexiona sobre a relación entre as naumaquias e a forma arquitectónica dos anfiteatros romanos.
- Identifica e describe elementos arquitectónicos dos edificios de ocio grecolatinos.
(Actividade 5 da páxina 158 / Act. 13 da páx. 160 / Act. 24 da páx. 164)
- Mostra actitudes de interese, curiosidade e respecto ao patrimonio cultural.
- Escribe un breve artigo periodístico a favor o en contra da utilización dos teatros romanos para facer representacións na actualidade.
(“Comprometidos” da páxina 169)

Bloque 5: Sociedade e vida cotiá

Contidos

- Traballo e funcións sociais nos espectáculos gregos e romanos.
- Análise do papel dos aurigas.
- Historia e funcións das Vestais.

Criterios de avaliación

- Coñecer as características e a evolución das clases sociais en Grecia e Roma e a súas pegadas na sociedade actual.
- Identificar as principais formas de traballo e de ocio existentes na antigüidade.

Estándares de aprendizaxe

- Describe a organización da sociedade grega e romana, explicando as características das distintas clases sociais e os papeis asignados a cada unha delas, relacionando estes aspectos cos valores cívicos existentes na época e comparándoos cos actuais.
- Identifica e describe formas de traballo e relacións cos coñecementos científicos e técnicos da época, explicando a súa influencia no progreso da cultura occidental.
- Describe as principais formas de ocio das sociedades grega e romana, analizando a súa finalidade, os grupos aos que van dirixidas e a súa función no desenvolvemento da identidade social.

Indicadores de logro

- Indica para quen estaban destinadas as diferentes localidades nos teatros romanos.
- Describe o papel dos aurigas no circo romano relacionándoo coa súa condición social de escravos.
- Describe a importancia social das vestais na sociedade romana.

(Actividade 1 da páxina 157 / Act. 6 e 7 da páx. 159 / Act. 18 da páx. 161)

- Describe a función e o poder do arconte en Grecia.
- Responde a unha serie de cuestións sobre o traballo dun auriga a partir da inscrición funeraria de un deles.

(Actividade 3 da páxina 157)

- Describe que obras se representaban no teatro grego.
- Relaciona o concepto actual de circo co romano.
- Describe as *venationes* e clasifícaas.
- Describe a partir dun debuxo a actitude dos espectadores do circo romano e interpreta a simboloxía asociada ao espectáculo.
- Recoñece semellanzas e diferenzas entre un auriga e un gladiador.
- Redacta argumentos a favor e en contra dos espectáculos do anfiteatro.
- Aporta reflexións sobre a identidade social nos xogos públicos romanos a partir dun texto de Suetonio.

(Actividade 2 da páxina 157 / Act. 8 da páx. 159 / Act. 12 da páx. 160 / Act. 15 da páx. 161 / Act. 25 e 26 da páx. 165 / Act. 35 da páx. 165 / Act. 37 da páx. 166 / Act. 38 da páx. 167)

Bloque 5: Literatura

Contidos

- Lectura e interpretación de textos sinxelos de diversos autores.

Criterios de avaliación

- Coñecer as principais características dos xéneros literarios grecolatinos e a súa influencia na literatura posterior.

Estándares de aprendizaxe

- Comenta textos sinxelos de autores clásicos, identificando a través de trazos concretos o xénero e a época á que pertencen e asociándoos a outras manifestacións culturais contemporáneas.

Indicadores de logro

- Le e interpreta textos sinxelos de diversos autores e relaciónaos cos contidos da unidade.

(Actividade 35 da páxina 165)

Bloque 6: Lingua / Léxico

Contidos

- Etimoloxía e significado de palabras gregas e latinas.
- Latinismos relacionados cos espectáculos gregos e romanos.

Criterios de avaliación

- Identificar léxico común, técnico e científico de orixe grecolatina na propia lingua e sinalar a súa relación coas palabras latinas ou gregas orixinarias.

Estándares de aprendizaxe

- Recoñece e explica o significado dalgúns dos helenismos de España, explicando o seu significado a partir do termo de orixe.
- Explica o significado de palabras, a partir da súa descomposición e a análise etimolóxica das súas partes.
- Pode definir algúns termos científico-técnicos de orixe grecolatina partindo do significado das palabras latinas ou gregas das que proceden.

Indicadores de logro

- Investiga que nome recibe o *pullarium* na actualidade e reflexiona sobre o seu significado orixinal.
- Recoñece o significado de latinismos relacionados co teatro.
(Actividade 4 da páxina 157 / Act. 28 da páx. 165)
- Identifica o prefixo de anfiteatro e forma cinco palabras con el.
- Traduce unha frase en latín relacionada co circo romano.
(Actividade 14 da páx. 160 / Act. 19 da páxina 161)
- A partir dun termo latino atopa palabras derivadas e indica o seu significado actual.
(Actividade 17 da páxina 161)

Bloque 7: Pegadas na actualidade

Contidos

- Relación entre os espectáculos grecorromanos e os actuais.
- Reflexións sobre violencia en torno á celebración de espectáculos e argumentacións a favor e en contra de usar eses espazos na actualidade.

Criterios de avaliación

- Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.
- Realizar traballos de investigación sobre as pegadas da civilización clásica no entorno, utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación.

Estándares de aprendizaxe

- Utiliza as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para buscar información e realizar traballos de investigación acerca das pegadas da civilización clásica na nosa cultura.

Indicadores de logro

- Reflexiona a partir dun texto de Tácito sobre situacións de violencia que se dan en torno a determinados espectáculos.
- Identifica os restos dun teatro romano en Hispania e elabora un informe sobre as súas características e os seus usos actuais.
- Elabora un artigo con argumentos a favor o en contra de facer representacións en antigos teatros romanos.

(Actividade 35 da páxina 165 / Act. 39 da páxina 168 / “Comprometidos” da pág. 169)

Avaliación

Procedementos de avaliación.

- Observación directa do traballo diario.
- Análise e valoración de tarefas especialmente creadas para a avaliación.
- Valoración cuantitativa do avance individual (calificacións).
- Valoración cualitativa do avance individual (anotacións e puntualizacións).
-

Instrumentos para a avaliación.

- Avaliación de contidos, probas correspondentes á unidade.
- Avaliación por competencias, probas correspondentes á unidade.
- Probas de avaliación externa.
- Outros documentos gráficos o textuais.
- Debates e intervencións.
- Proxectos personais o grupais.

Metodoloxía

Modelos metodolóxicos

- Modelo discursivo / expositivo.
- Modelo experiencial.
- Traballo por tarefas.

Principios metodolóxicos

- Actividade e experimentación.
- Participación.
- Persoalización.
- Significatividade.
- Funcionalidade.

G. Agrupamento

- Tarefas individuais.
- Agrupamento flexible.

Aprendizaxes mínimos

1. Coñecer que son as linguas indoeuropeas e as linguas románicas.
2. Establecer o significado e a etimoloxía de termos en galego e castelán a partir dos termos gregos ou latinos dos que proceden.
3. Recoñecer as pegadas que deixaron na nosa cultura os costumes gregos e romanos nos diversos ámbitos da vida cotiá: o nacemento, a educación, as institucións, a morte e os funerais, as ocupacións laborais e o ocio, o papel da muller, etc.
4. Recoñecer o tipo e función dos edificios do mundo clásico dedicados ao ocio e ao lecer: o teatro, o anfiteatro, o circo, as termas.
5. Coñecer, comprender e respectar a diversidade lingüística y cultural de España e Europa como base para respectar os que son de cultura diferente á nosa.
6. Ler comprensivamente e comentar textos sinxelos sobre o mundo clásico, analizando o seu contido e extraendo as ideas fundamentais.
7. Coñecer un número mínimo de escritores, artistas, políticos e pensadores da antigüidade clásica e un conxunto de obras da nosa cultura nas que puideron influír.

5.CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

Para superar con éxito cada avaliación o alumno debe obter unha puntuación de 5 ou máis de 5 (ata un máximo de 10) despois de facer a suma dos seguintes elementos:

- A cualificación numérica obtida da media da proba ou probas que traten sobre os contidos mínimos nas avaliacións que teñan máis dun exame , cada un deles terá que superar o 3 de nota para poder facer media, considerando que a avaliación estará aprobada no caso de ca media sexa 5 ou ben unha nota superior ao mesmo.
- A realización dos proxectos informáticos (un por trimestre)
- A realización duns cuestionarios para cada un dos libros de lectura (un por trimestre). Estes cuestionarios son de entrega obrigatoria.
- Unha serie valores, actitudes e normas observadas na clase como o comportamento e/ou interese pola materia, os compañeiros, o profesor, participación, e tamén respecto polo traballo e as opinións dos demais, especialmente ó realizar actividades en equipo.
- A realización na clase dos exercicios que sirvan para fixar os contidos estudados en cada lección. Para isto cada alumno terá un caderno no que se presentarán estes exercicios feitos e corrixidos co número de páxina, número de exercicio e enunciado.

A cualificación dos dous primeiros elementos poderá reducirse máximo un punto en función da ortografía, redacción e presentación dos traballos e exames.

O valor dos elementos citados son os seguintes (expresados en %): proba ou probas de avaliación: 50%; traballos: 20 %; libro de lectura: 10 %; traballo recollido no caderno: 10%; actitude, interese e comportamento: 10%.

Como a avaliación final é o balance da evolución do traballo de todo o curso, caso de ser necesario, a RECUPERACIÓN farase ao final, coa dobre finalidade de que non sexa o exame o centro da vida académica, senón a aprendizaxe, e o alumno se esforce en compensar as carencias detectadas nun período determinado co traballo no seguinte período.

A nota final do curso será a media obtida ao longo das avaliacións Para superar con éxito o curso, o alumnado ten que superar positivamente todas as avaliacións.

No caso de non acadar unha cualificación igual ou superior a 5 na sesión de avaliación ordinaria de xuño, os/as alumnos/as deberán facer unha proba extraordinaria en setembro.

A proba de setembro consistirá na realización dun traballo ou traballos sobre os contidos mínimos da materia no superada, seguindo os criterios de avaliación do curso.

Se a materia pendente fosen unicamente os cuestionarios dos libros de lectura, o alumno terá que presentalos en setembro, demostrando que fixo a lectura dos mesmos.

Para acadar unha avaliación extraordinaria de setembro positiva, o/a alumno/a deberá obter nela unha cualificación igual ou superior a 5.

Para o curso 2018-2019 non hai no noso centro ningún alumno matriculado en 4º ESO coa materia de Cultura Clásica de 3º ESO pendente; se xurdise a circunstancia de que por traslado ao longo do curso chegasen ao centro alumnos destas características, atendendo á súa procedencia e ao momento no que se integrasen ao noso centro, o Departamento de Grego arbitraria actividades de recuperación axeitadas a eles.

COMPETENCIAS DA MATERIA

Na área de Cultura Clásica incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático, facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

a) Comunicación lingüística

A aprendizaxe da materia contribúe á adquisición e traballo desta competencia coa lectura e comprensión de fontes escritas, coa elaboración e análise de textos, coas exposicións orais sobre diversos temas, coa utilización dun vocabulario moi amplo ao ter que manexar termos que proveñen do grego e do latín principalmente. Ademais, o alumno poderá afondar na comprensión da propia lingua e no uso desta como elemento esencial para a comunicación e para a adquisición de coñecementos.

Adestrar os descritores indicados garántenos unha maior comprensión por parte do alumnado, o que nos leva a un coñecemento profundo e a adquirir con gran destreza aquilo que nos propoñemos.

Os descritores que priorizaremos serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.
- Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para darlle un mellor uso.

b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

A aprendizaxe da Cultura Clásica vai contribuír ao desenvolvemento desta competencia na medida que axuda a coñecer a orixe da matemática moderna, xa que moitos dos principios e teoremas que se empregan actualmente foron desenvolvidos polos matemáticos gregos. Tamén moitas das ciencias tiveron o seu primeiro desenvolvemento na Antigüidade, como a xeografía, a zooloxía, a botánica ou a astronomía. Ademais, o coñecemento de étimos grecolatinos presentes na linguaxe matemática axuda a mellorar a comprensión de conceptos, enunciados e outros contidos científicos e matemáticos.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico
- Xerar criterios persoais en torno á visión social da estética do corpo humano fronte ao seu coidado saudable.
- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos (biolóxico, físico, químico, tecnolóxico, xeográfico...).

c) Competencia dixital

Esta materia contribúe a esta competencia posto que a súa dimensión histórica e cultural favorece que o alumnado utilice as novas tecnoloxías para

seleccionar de forma adecuada diversas fontes de información, analízalas e interpretalas, valorar a súa validez e fiabilidade e traballar de xeito colaborador sobre os materiais seleccionados. Ademais, tamén fomenta a presentación de traballos en soporte dixital e favorece o desenvolvemento das habilidades necesarias para a súa exposición de forma autónoma que lles permita chegar a conclusións novas e resolver situacións de forma orixinal, sentíndose autores e protagonistas dos resultados e conclusións obtidos.

Para iso, neste área traballaremos os seguintes descritores:

- Empregar varias fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada da información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.

d) Conciencia e expresións culturais

Por medio da Cultura Clásica o alumnado aprende a apreciar manifestacións culturais e artísticas en xeral (literatura, pintura, escultura, arquitectura, dereito, institucións políticas, historia, filosofía...); a valorar feitos culturais, como a mitoloxía ou a relixión, que forman parte da tradición da nosa civilización; a recoñecer o concepto da estética e a beleza; a ampliar a súa visión do mundo con visitas a museos e exposicións, co coñecemento doutras linguas e outras culturas, co teatro, a ópera, a música, etc. Todo iso contribúe, sen dúbida, á adquisición desta competencia.

Para iso, neste área, traballaremos os seguintes descritores:

- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e do cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

- Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.

e) Competencias sociais e cívicas

Esta competencia adquirese ao entender a civilización grega e romana como creadoras dos dereitos e deberes dos individuos e os grupos e dos mecanismos que aseguran a súa participación na vida pública. O estudo desta materia desenvolve no alumnado actitudes de cidadáns activos e comprometidos mediante a comprensión do noso pasado, o estudo da configuración social e política, os acontecementos máis destacados da súa historia, o seu concepto de ocio e de traballo e a influencia que todo iso tivo na configuración da sociedade actual en todas as súas dimensións. A tolerancia, a capacidade de respectar as diferenzas e o diálogo como base dos acordos son algunhas das destrezas que o alumnado tamén adquire grazas ao papel mediador de Grecia e de Roma.

Os descritores que adestraremos son os seguintes:

- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer a riqueza que supón a diversidade de opinións e ideas.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Respectar os distintos ritmos e potencialidades.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Esta materia contribúe a fomentar a autonomía e iniciativa persoal na medida que se utilizan procedementos que esixen planificar, avaliar distintas posibilidades e tomar decisións. A exposición de traballos individuais ou en grupo e a realización de debates implican valorar as achegas doutros compañeiros, aceptar posibles erros, e non se render ante as dificultades. En definitiva, achega posibilidades de mellora e fomenta o afán de superación.

Os descritores que adestraremos son:

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo, superando as dificultades.

- Xestionar o traballo do grupo, coordinando tarefas e tempos.
- Dar prioridade á consecución de obxectivos de grupo fronte a intereses persoais.
- Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.

g) Aprender a aprender

O estudo desta materia contribúe a que o alumno sexa consciente de que ao longo da historia da humanidade o home sempre estivo a aprender e baseou a aprendizaxe nos coñecementos anteriores. Esta competencia supón ter ferramentas que faciliten a aprendizaxe, pero tamén ter unha visión estratéxica dos problemas e saber prever e adaptarse aos cambios que se producen cunha actitude positiva.

Os descritores que adestraremos son:

- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
 - Xestionar os recursos e motivacións persoais a favor da aprendizaxe.
 - Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
 - Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
 - Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

6.PROCESO DE MELLORA CONTINUA: CAMBIOS METODOLÓXICOS EN RELACIÓN AO CURSO QUE REMATA.

Ao longo do curso levarase a cabo un seguimento para comprobar que a temporalización dos contidos se axusta ao previsto para cada momento avaliador introducindo, no seu caso, as modificacións que se estimen pertinentes.

Habrá unha estrita observancia respecto o traballo de todos os obxectivos,

conceptos, procedementos e actitudes.

Analizaranse os obxectivos nos que se afondou de xeito especial, sinalando aqueles que non se deron acadado e os motivos que conduciron a elo.

Estudárase qué conceptos, procedementos e actitudes se desenvolveron de modo máis relevante.

Valorárase o grao de consecución dos obxectivos, o grao de adquisición dos conceptos e procedementos e o grao de aplicación das actitudes.

Realizaranse propostas de mellora en aqueles aspectos nos que se detecte a súa necesidade.

5. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.

Primeiro trimestre

- Percorrido guiado polo xacemento romano das Médulas (León).

Segundo trimestre

- Percorrido guiado pola pintura de temática mitolóxica no Museo de Belas Artes de Coruña.
- As pegadas mitolóxicas nas rúas de Lugo.
- Visita guiada á Casa dos Mosaicos de Lugo.
- Asistencia á representación dunha comedia latina no Festival de Teatro Grecolatino en Lugo ou Coruña.

Terceiro trimestre

- Asistencia aos Xogos mitolóxicos nas rúas de Santiago.
- Viaxe de tres ou catro días a Mérida.
- Percorrido mitolóxico por Betanzos.